



Por estas datas, celebramos cada ano a Mostra do Branco Lexítimo; dous días nos que, co Branco Lexítimo como protagonista, concéntranse na aldea de Esperela enólogos, sumilleres, catadores e amantes do mundo do viño que, xunto cos visitantes e a boa disposición de tódolos veciños, fan desta celebración todo un acontecemento na comarca.

Este ano, debido á situación excepcional que estamos a vivir provocada polo COVID-19, temos que suspendela á espera de poder controlar o virus e recuperar así a normalidade que todos desexamos.

Traballaremos, xunto cos adegueiros, para presentar no 2021 unha nova edición da Mostra; para seguir ofrecendo uns caldos que son unha referencia no mundo da enoloxía, unha fonte de riqueza e un gran orgullo para Paderne.

